



ACTA

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
XGL/2017/54	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
Tipo Convocatoria	Ordinaria
Data	4 de decembro de 2017
Duración	Desde as 20:01 ata as 20:25 horas
Lugar	SALA DE SESIÓNS
Presidida por	XOSE MANUEL PAZOS VARELA
Secretario	BERTA ALONSO SOTO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
77010633D	ANDRES GARCIA BASTON	SÍ
73240505H	HÉITOR MERA HERBELLO	NON
76807564F	LOURDES RIAL PARDO	SÍ
78730184B	MARIANO ABALO COSTA	SÍ
76811297Z	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS	SÍ
78734984G	SUSO PEREZ GALLEGO	SÍ
53113479Q	TANIA CASTRO PAREDES	NON
78739263M	TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ	SÍ
76328194A	XOSE MANUEL PAZOS VARELA	SÍ
34907283E	XOÁN CHILLÓN IGLESIAS	SÍ
78736615W	ÁNXELA VIZOSO MARCOS	NON



Concello de Cangas

Unha vez verificada polo secretario a válida constitución do órgano, o presidente abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior realizada o día 27 de novembro de 2017

Favorable	Tipo de votación: Nominal A favor: 6, En contra: 0, Abstencións: 2, Ausentes: 0	
	A favor	ANDRES GARCIA BASTON LOURDES RIAL PARDO MARIANO ABALO COSTA SUSO PEREZ GALLEGO TOMÁS HERMELO ÁLVAREZ XOSE MANUEL PAZOS VARELA
	En contra	---
	Abstencións	MERCEDES GIRALDEZ SANTOS XOÁN CHILLÓN IGLESIAS
	Ausentes	---

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 27 de novembro de 2017.

Expediente 7397/2017. Informe de sinalización

Desfavorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
---------------------	---

Vista a solicitude de M. M. E. M., na que demanda sinalización mais restritiva no lugar de Baixada a Sartaxéns-Francón, a Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado por estar a zona correctamente sinalizada.

Expediente 7481/2017. Informe de sinalización

Non hai acordo	Motivo: Ampliar documentación
-----------------------	--------------------------------------

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 6961/2017. Licenza urbanística

Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
------------------	--

Concello de Cangas



Concello de Cangas

EXPEDIENTE Nº 6.961/17.- Outorgar a M.C.C., con enderezo na Retirosa, nº 87-A-Castrillón-Coiro, licenza de obras para, no referido lugar, construír unha piscina de 32,00 m²., de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto Rodrigo Currás Torres, visado en data novembro de 2017. O presuposto de execución material ascende a doce mil euros (12.000,00 €).

Expediente 6512/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6.512/17.- Outorgar a M. C. J. F. D., con enderezo en rúa Andalucía, nº 8-1º-Cangas, licenza de obras para rehabilitación e ampliación de vivenda unifamiliar e piscina cuberta, no lugar de Canicouva-O Igrexario-O Hío, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto J. L. D. G., visado en data de outubro de 2017. Antes do comezo das obras deberá presentar o proxecto de execución visado e oficios de dirección e cumprir co sinalado pola Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, no referente aos materiais a empregar nos núcleos de poboación e tamén en canto á obriga de conexión cos servizos existentes no núcleo. Así mesmo, deberá formalizar perante o Catastro a modificación que presenta esta licenza. O presuposto de execución material ascende a cento nove mil vinte e nove euros con oito céntimos (109.029,08 €).

Acéptaselle a fianza depositada en Caixabank por importe de mil catrocentos cincuenta e seis euros con corenta e dous céntimos (1.456,42 €) para responder polas obras de urbanización.

Expediente 7072/2017. Licenza urbanística

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE 7072/2017.- A COMUNIDADE DE PROPIETARIOS DO EDIFICIO PLAZOLETA DE SAN XOAN, con enderezo a efectos de notificacións na Avenida de Marín, nº 23-1ºI-Cangas (Comunidades Morrazo), conceder licenza de obras para instalación dun ascensor no edificio sito na praza de San Xoan, nº 4-, de conformidade co proxecto elaborado polo arquitecto A. R. G., visado o 03.11.2017 e o seu anexo visado o 14.11.2017. O presuposto de execución material ascende a trinta e un mil cento cincuenta e seis euros con sesenta céntimos (31.156,60 €).

Expediente 5038/2017. Licenza urbanística

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 6774/2017. Licenza urbanística

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Non hai acordo	Motivo: Ampliar documentación
Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.	

Expediente 7113/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 7113/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por C. J. P. P., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Infestas, nº 8-Pinténs-O Hío para apertura de oco en fachada da vivenda e suplemento de cerramento de pedra en vivenda sita no referido lugar de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil oitocentos vinte e tres euros con vinte e un céntimos (1.823,21 €).	

Expediente 7146/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 7146/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por P. S. S., con enderezo a efectos de notificacións en rúa As Gruncheiras, nº 42-Coiro, para adaptación de entrada de local comercial para accesibilidade sito en rúa Eugenio Sequeiros, nº 32-baixo-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a cen euros (100,00 €).	

Expediente 2716/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 2716/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "LIMENS BEACH SL", con enderezo a efectos de notificacións en Praia de Santa Marta, s/n- Cangas, para rehabilitación de edificación tradicional existente sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e cos informes favorables do POL de data 08.02.2013, da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio de data 17.07.2017 e do Servizo Provincial de Costas de data 18.07.2017. O presuposto de execución das obras ascende a nove mil novecentos noventa e catro euros con setenta e catro céntimos (9.994,74 €).	

Expediente 7076/2017. Comunicación previa en materia urbanística	
Favorable	Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento
EXPEDIENTE Nº 7076/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por A. O. G.,	

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

con enderezo a efectos de notificacións en rúa do Viñal, nº 8-O Hío, para revestimento exterior de fachadas en vivenda unifamiliar sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a dezanove mil oitocentos noventa euros (19.890,00 €).

Expediente 7409/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 7409/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. F. E., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Manuel Graña, nº 16-Cangas, para mellora e aillamento de fachada de vivenda sita en rúa Manuel Graña, nº 16-Cangas, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil cincocentos euros (1.500,00 €).

Expediente 6738/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6738/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por J. O. V. E., con enderezo a efectos de notificacións na Rosada, nº 72-Coiro, para instalación de pérgola desmontable no patio dianteiro da vivenda sita no referido lugar, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a mil cento corenta e nove euros con cincuenta céntimos (1.149,50 €).

Expediente 6744/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6744/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por M. L. F. B., con enderezo a efectos de notificacións en rúa Florida, nº 31-Balea, para reparación de cuberta de vivenda sita en rúa Florida, nº 29-Balea, de conformidade coa documentación incorporada ao expediente. O presuposto de execución das obras ascende a oito mil cincuenta e nove euros con vinte céntimos (8.059,20 €). En data 20 de novembro de 2017 a solicitante asina acta de comparecencia renunciando ao incremento do valor expropiatorio que supoñen as obras solicitadas.

Expediente 2294/2017. Comunicación previa en materia urbanística

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 2294/2017.- Dase conta da comunicación previa presentada por "FUTURE

Concello de Cangas



RENTAL GESTIÓN PATRIMONIAL SL", con enderezo a efectos de notificacións na Avda. García Barbón, nº 101-A-Vigo, para reubicación das edificacións auxiliares desmontables para gardar aperos de labranza e xardín, da parcela sita en rúa San Xián, s/n-Pinténs-O Hío-Cangas de conformidade coa documentación incorporada ao expediente e cos informes sectoriais favorables obrantes no expediente (POL e Patrimonio). O presuposto de execución das obras ascende a seis mil catrocentos sesenta euros (6.460,00 €).

Expediente 6362/2017. Corrección de erros de cambio de titularidade de licenza de actividade

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

EXPEDIENTE Nº 6362/2017.- Advertido un erro no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local de data 3 de xuño de 2013 referente ao cambio de titularidade da licenza de actividade de local sito en rúa Lirio, nº 30, que rexentaba "Musicalidade SL", dedicado a cafetería, obradoiro e taller de instrumentos musicais, actividade que foi ampliada e aprobada pola Xunta de Goberno Local de data 8 de xuño de 2007 a pedimento dos interesados a sala polivalente e multiusos na planta baixa e sala de exposicións e cineclube no primeiro andar, en dito acordo de petición de cambio de titularidade solicitado por "Kangas City SL", a Xunta de Goberno Local de data 3 de xuño de 2013 deu conta da actividade de bar.

De conformidade coa solicitude presentada por H. P. R. como administrador único da sociedade mercantil "Kangas City SL", rectifícase dito acordo no senso de que no local sito en rúa Lirio, nº 30, están autorizadas as actividades de cafetería, obradoiro, taller de instrumentos musicais e sala polivalente e multiusos na planta baixa e sala de exposicións e cineclube no primeiro andar.

Expediente 1747/2017. Infracción urbanística (M^a SONIA GONZÁLEZ GONZÁLEZ)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Concluído o expediente de protección da legalidade urbanística incoado respecto dos actos de construción que se levaron a cabo sen a preceptiva licenza municipal, no lugar de Menduíña-Aldán, consistentes en realizar unha caseta de madeira de 20,00 m²., para apeiros de labranza.

Sendo a resolución do expediente anteriormente citado recaída con data 24 de agosto do 2017 a de considerar as obras mencionadas como ilegalizables por ser incompatibles coas determinacións urbanísticas establecidas ao respecto nas Normas Subsidiarias de Planeamento de Cangas e a lexislación urbanística de aplicación, Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia.

Resultando que segundo consta no expediente, son persoas presuntamente responsables dos feitos sinalados S. G. G., promotora.

Considerando que os feitos anteriormente expostos poden ser constitutivos dunha infracción urbanística segundo o determina o artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, pode tipificarse en principio como grave segundo sinala o artigo 158.3 da mesma



norma.

Considerando sen prexuízo do resultado definitivo da instrución do expediente, que aos feitos descritos lles pode corresponder a sanción de multa entre 6.001 a 60.000 euros, de acordo co establecido no art. 161.1 .b) da referida Lei 2/16, indicándolle ao infractor que as sancións impostas ao abeiro deste lei reduciranse na súa contía nun 50% se son aboadas no prazo de período voluntario e neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Visto o establecido nos artigos 157 ó 164 da Lei 2/16 e de acordo coas atribucións que teño legalmente conferidas polo artigo 163.c da citada lei.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015 polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

PRIMEIRO.- Incoar expediente sancionador a S. G. G., por infracción urbanística de conformidade coa Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, polos feitos mencionados dos que presuntamente son responsables as persoas indicadas nos antecedentes desta resolución.

SEGUNDO.- Nomear como órgano instructor do procedemento sancionador a M. R. G., sendo secretaria deste a do concello; así mesmo, estarase ao establecido sobre abstención e recusación nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público.

TERCEIRO.- O órgano competente para a resolución do presente procedemento sancionador é a Xunta de Goberno Local por delegación da Alcaldía, en virtude do artigo 163.1 c) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia da Lei 7/85 e Decreto de delegación de data 2 de xullo de 2015.

CUARTO.- Indicar á interesada o dereito que lles concede o artigo 161.4 da Lei 2/2016 de reconecer a súa responsabilidade, advertíndolle que terá dereito a unha redución do 90% da sanción que debe imponerse no caso de que repona por si mesmo a realidade física alterada antes da resolución do procedemento sancionador.

QUINTO.- Comunicar ao instrutor a iniciación do expediente con traslado de cantas actuacións existan respecto diso e simultaneamente, notificar a presente resolución (de selo caso ao denunciante) aos interesados, indicándolles que disporán dun prazo de **QUINCE DÍAS** para achegar cantas alegacións, documentos e información estimen convenientes e, no seu caso, propor proba concretando os medios de que pretendan valerse, quedando o expediente a súa disposición na oficina de Urbanismo, advertindo aos interesados de que, en caso de que non efectúen alegacións sobre o contido da iniciación do procedemento no prazo de quince días indicado, a presente resolución poderá ser considerada como **PROPOSTA DE RESOLUCIÓN**.

SEXTO.- Advertir á interesada que a incoación do presente expediente é inscribible no Rexistro da Propiedade.



SÉTIMO.- Notifíquese o acordo aos interesados, facendo constar que non pon fin á vía administrativa e que por tratarse dun mero trámite, contra esta non cabe recurso, sen prexuízo de que poida interponer o que estime mais conveniente.

Expediente 184/2017. Infracción urbanística Expte. nº 34/2015 (ÁLVARO DOMÍNGUEZ ANTELA)

Favorable

Tipo de votación:

Unanimidade/Asentimento

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local de data 21 de novembro do 2016, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de A. D. A. e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, se efectuaron no lugar de Vilanova-O Hío, obras sen licenza consistentes en realizar un muro de contención de 1,80 metros de alto, sendo a construción de carácter ilegalizable segundo o informe do arquitecto municipal de data 19 de maio do 2016.

SEGUNDO.- Iniciado expediente sancionador por acordo da Xunta de Goberno Local en data 21 de novembro do 2016 dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado con data 13 de xaneiro do 2017 (oficina de correos) e 19 de xaneiro do 2017 entrada no rexistro do Concello co nº 570, presenta escrito de alegacións, no que solicita que: dado por feito o recoñecemento dos feitos e da responsabilidade e comunicada a execución da demolición das obras para os efectos de redución da sanción nun 90 por cento.

Esta alegación non pode ser estimada visto o informe da inspección de obras de data 3 de febreiro do 2017, no que sinala que: “presentado no lugar comprobo que derrubou parte da altura do muro de contención ata unha altura aprox. de 0,70 metros, así como dúas columnas de pedra.

Sinalar que estes elementos construtivos que permanecen no predio carecen da licenza de obras pertinente, polo cal non se pode considerar que foi reposta a legalidade urbanística. Sinalar tamén que hai presentada unha comunicación previa (26077) a nome do interesado, que se atopa en tramitación a espera da aportación por parte do interesado dunha documentación necesaria que lle foi solicitada.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 157 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave/leve segundo o determina o artigo 158.3.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que A. D. A., na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 161 da Lei 2/2016, en canto á gravidade da materia se refire, e o suficiente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 euros. Indicar ao interesado que se legaliza as obras realizadas antes da resolución do presente expediente reducirase a contía da sanción nun 90%.



SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no 88.7 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas nos procedementos de carácter sancionador, a proposta de resolución deberá ser notificada aos interesados nos termos previstos no artigo seguinte.

O órgano instrutor resolverá a finalización do procedemento, con arquivo das actuacións, sen que sexa necesaria a formulación da proposta de resolución, cando na instrución do procedemento se poña de manifesto que concorre algunha das seguintes circunstancias:

- a) A inexistencia dos feitos que poideran constituir infracción.
- b) Cando os feitos non resulten acreditados.
- c) Cando os feitos probados non constitúan, de modo manifesto, infracción administrativa.
- d) Cando non exista ou non poida identificar á persoa/persoas responsables ou ben que aparezan exentos de responsabilidade.
- e) Cando se teña concluído, en calquera momento a prescrición da infracción.

Visto o Decreto da Alcaldía de data 2 de xullo de 2015, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, a Xunta de Goberno Local a adopta o seguinte:

ACORDO

* Impoñer a A. D. A., na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de seis mil un euros (6001,00 €), por infracción ao ter cometido obras no lugar de Vilanova-O Hío, consistentes en realizar un muro de contención de 1,80 metros de alto, sendo a construción de carácter ilegalizable e tipificadas como graves segundo o informe do arquitecto municipal de data 27 de outubro do 2016.

Avdírtese ao interesado que as sancións impostas ao abeiro da Lei 2/2016 reducirase na súa contía nun 50 por cento se son aboadas no prazo de período voluntario e, neste mesmo prazo, o infractor amosa por escrito a súa conformidade con estas e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo.

Expediente 6504/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, acorda a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Recoñecer a devolución da fianza de seiscentos oitenta e seis euros con un céntimo (686,01 €), ingresada por D. L. A., no expediente nº 21.844, licenza de obra nº 21.373, a favor de A. P. L. e S. P. L..



Concello de Cangas

Segundo.- Notificar este acordo aos interesados.

Expediente 7310/2017. Solicitud de devolución de fianza ou cancelación de aval

Non hai acordo

Motivo: Ampliar documentación

Este punto da orde do día foi deixado sobre a mesa pendente de mellor estudo.

Expediente 7454/2017. Proposta de inicio do expediente de contratación do "Servizo de catering e do persoal monitor - coidador de comedores escolares para os cursos 2017/18 - 2018/19"

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment
o

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

Vista a necesidade deste Concello de contratar o servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedores escolares para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2017/18 e 2018/19.

Visto o convenio de colaboración subscrito entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión do servizo de comedor escolar en catro centros educativos radicados neste Concello, asinado o 07.07.2017, co obxecto de establecer as bases da colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e o Concello de Cangas para a xestión e organización do servizo de comedor escolar nos CEIP A Rúa, CEIP do Hío, CEIP de Espiñeira-Aldán e no CEIP de Nazaret.

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local realizada en sesión ordinaria de data 20.11.2017, no que se declara deserta a anterior licitación do contrato administrativo de "Servizo de catering e de persoal monitor/monitora coidador/coidadora de comedor escolar para os cursos 2017/18 e 2018/19", tramitado mediante procedemento aberto (Expediente C-17/18__5104/2017).

Por todo o que antecede, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Iniciar o procedemento de contratación do "Servizo de catering e de persoal monitor-coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do Concello de Cangas durante os cursos escolares 2017/18 e 2018/19 mediante procedemento aberto.

Segundo.- Que polos departamentos municipais de Apoio Xurídico e do Centro Municipal de

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

Benestar Social se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas respectivamente, os cales han de rexer o contrato e o proceso de adxudicación.

Terceiro.- *Que por Secretaría e Intervención se emitan os informes preceptivos".*

Expediente 7236/2017. Solicitud de axuda á Deputación Provincial de Pontevedra para a redación dun Plan de mobilidade sostible

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentiment

Vista a proposta presentada pola concelleira de Mobilidade e Transporte.

Vista a publicación no BOPPO de data do 17.11.2017 das bases reguladoras para a convocatoria de subvencións para plans de mobilidade sustentable.

Visto que son subvencións para impulsar a planificación estratéxica nos concellos fomentando unha mobilidade sustentable que supoña un cambio de paradigma no tocante a facilitar o acceso universal das persoas aos bens, servizos e equipamentos aos que teñen dereito.

Visto que o Concello de Cangas non solicitou nin lle foi concedida ningunha axuda ou subvención para a elaboración dun Plan de Mobilidade Sostible.

Visto que o Concello de Cangas, non está incurso en causas de prohibición para a percepción de axudas públicas.

Visto que o Concello esta ao corrente coas obrigas tirubutarias e coa Seguridade Social.

A Xunta de Goberno local acorda o seguinte:

Primeiro.- Solicitar á Deputación Provincial de Pontevedra unha axuda por importe de vinte mil euros (20.000,00 €), para a elaboración dun Plan de Mobilidade Sostible con cargo ás bases publicadas no BOPPO nº 221 de data do 17.11.2017.

Segundo.- Dar traslado do acordo, xunto coa solicitude e demais documentación requirida nas bases sinaladas, á Deputación Provincial de Pontevedra.

Expediente 2257/2017. C-17/08. Proposta de adxudicación definitiva de postos vacantes da Praza de Abastos Municipal

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850



Concello de Cangas

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO E EMPREGO LOCAL

Visto o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión realizada o día 30.10.2017 no que se propoñía a adxudicación dos postos de peixaría nº 6, 17, 24, 33, 3 e 44 aos licitadores que ofertaran o maior prezo por cada un deles.

Visto que tras o preceptivo requirimento, cinco dos seis licitadores achegaron en tempo e forma a documentación relativa á xustificación de estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que así mesmo constituíron garantía definitiva e aboaron os gastos do anuncio de licitación.

Por todo o que antecede, á Xunta de Goberno Local propoño a adopción do seguinte:

ACORDO

Primeiro.- Adxudicar definitivamente os postos de peixaría que a continuación se indican aos adxudicatarios que ofertaron maior canon:

- Ø Posto nº 17: M. M.G.,.....Canon: 8.150 €.
- Ø Posto nº 24: S. J. C.,.....Canon: 15.552 €.
- Ø Posto nº 33: M. R. P. A.,Canon: 10.050 €.
- Ø Posto nº 36: A. M. B. M. V.,.....Canon: 9.150 €.
- Ø Posto nº 44: A. C. R.,.....Canon: 7.002 €.

Segundo.- Requirit aos adxudicatarios para que no prazo de 5 días hábiles procedan a ingresar o importe do canon ofertado na conta bancaria de titularidade municipal:

ABANCA ES85 2080 5022 1531 1000 8929

Terceiro.- Citar aos adxudicatarios para a sinatura do documento formalizador da concesión demanial dos postos adxudicados, a cal non poderá ter lugar sen o previo pagamento do canon.

Cuarto.- Indicar aos adxudicatarios a súa obriga de comunicar á Tesourería municipal un número de conta no cal domicilian o pago da taxa que deben aboar polo uso privativo dos postos.

Quinto.- Dar traslado deste acordo aos departamentos municipais de Apoio Xurídico, Intervención, Tesourería e ao conserxe encargado da Praza de Abastos.

Expediente 6077/2017. Proposta para requirimento de documentación previo á adxudicación do contrato de obra "Nova capa de rodadura na estrada de Vilanova - O Hío" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto o expediente de contratación tramitado para a adxudicación do contrato administrativo de obra "Nova capa de rodadura na estrada de Vilanova–O Hío", no que a mesa de contratación

Concello de Cangas



como órgano competente para a valoración das ofertas identificou como anormal ou desproporcionada a proposta presentada pola empresa “NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU”, propondo ao órgano de contratación que se lle dera audiencia ao licitador co fin de que xustificase a valoración da súa oferta e precisase as condicións desta.

Visto o informe emitido pola arquitecta técnica deste concello en data 30.11.2017 en relación coa documentación xustificativa achegada pola empresa “NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU” (registro de entrada 2017-E-RE-321) e reunida a mesa de contratación o día 04.12.2017 para o análise do citado informe, considérase que o servizo pode ser prestado de acordo coas condicións ofertadas, co compromiso de adscribir á execución da obra todos os medios materiais e persoais que constan na xustificación da súa oferta. Do anterior resulta a seguinte clasificación final das ofertas:

LICITADOR	Prezo Ofertado (€)
1º NEXIA INFRAESTRUCTURAS S.L.U.	35.670,52
2º ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS S.L.	38.327,14
3º NEMESIO ORDOÑEZ S.A.	39.158,01
4º OBRAS TRANSPORTES Y CONSTRUCCIONES FONTEFRIA S.L.	42.496,07
5º MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.	42.559,37
6º CONSTRUCCIONES VALE S.L.	43.413,09
7º CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS S.A. COVSA	43.727,81
8º CONSTRUCCIONES FECHI S.L.U.	46.572,42
9º OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA S.L.	49.002,12
10º NAROM S.L.	51.331,06

Por todo o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

Primeiro.- Requirir a “NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU”, como empresa que presentou a oferta economicamente mais vantaxosa, para que no prazo de 10 días hábiles achegue a seguinte documentación:

- Ø Declaración responsable na que o licitador manifieste que os datos relativos á súa inscrición no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia (nº 4906) continúan vixentes a data 04.12.2017 e non variaron.
- Ø Xustificante de ter pagado os gastos do anuncio de licitación (cento trinta e nove euros con cincuenta céntimos (139,50 €)) que poderá facer efectivo na conta nº ES85 2080 5022 1531 1000 8929.
- Ø Xustificante de ter constituída garantía definitiva por importe de mil catrocentos setenta e tres euros con noventa e nove euros (1.473,99 €), equivalente ao 5% do importe de adjudicación, IVE excluído (a garantía poderá constituíla por calquera dos medios aos que se refire o artigo 96-TRLCSP). Unha vez constituída a garantía, deberá depositala na Tesourería municipal e entregar no Rexistro Xeral do Concello o xustificante do depósito desta xunto co resto dos documentos citados anteriormente.

Segundo.- Dar traslado deste acordo ao departamento municipal de Apoio Xurídico.



Expediente 3782/2017. Aprobación da certificación segunda da obra “Reposición de servizos e pavimentación na rúa Buenos Aires” (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

Vista a certificación segunda da obra “Reposición de servizos e pavimentación en rúa Buenos Aires”, por importe de trinta e nove mil seiscientos corenta euros con dezasete céntimos (39.640,17 €), presentada pola empresa "Explotaciones Mineras del Morrazo SL", en data 1 de decembro de 2017 (rexistro nº 14041), subscritas pola directora de obra, M. I. M. F.

Vista a documentación achegada que se relaciona:

- Relación dos traballos executados ata a data.
- Importe que se acredita para aboamento.

Visto o informe favorable emitido por Intervención en data 4 de decembro de 2017.

En virtude do disposto e de conformidade co establecido no Art. 216 e 232 do Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público, a Xunta de Goberno Local acorda o seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación nº 2 da obra “Reposición de servizos e pavimentación en rúa Buenos Aires”, por importe de trinta e nove mil seiscientos corenta euros con dezasete céntimos (39.640,17 €), presentada pola empresa "Explotaciones Mineras del Morrazo SL", en data 1 de decembro de 2017 (rexistro nº 14041), subscritas pola directora de obra, M. I. M. F.

SEGUNDO.- Autorizar, dispor, recoñecer a obrigación e ordear o pago con cargo á partida 532/63903, do orzamento para o exercicio 2017.

TERCEIRO.- Notificar o presente acordo ao contratista.

CUARTO.- Comunicar o presente acordo á Intervención e á Tesourería Municipal.

Proposta aprobación plan de seguridade e saúde obra "Abastecemento Erbelo e conexión co depósito do Piñeiro" (Urxencia)

Favorable

Tipo de votación:
Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar integramente a seguinte:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE OBRAS E SERVIZOS RELATIVA Á APROBACIÓN DO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE DO PROXECTO “ABASTECIMENTO A ERBELLO E CONEXIÓN CO DEPÓSITO DE PIÑEIRO”

1º.- Visto que a empresa "UTE Gestión Cangas", adxudicataria das obras do epígrafe, presenta o plan de seguridade e saúde, en cumprimento do establecido no artigo 7 do Rd 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e



Concello de Cangas

saúde nas obras de construción (BOE 25-10-1997).

2º.- Visto o informe da arquitecta técnica municipal Carmen Gómez Cancela, que indica: 'o mencionado plan se axusta ao estipulado na lexislación vixente e polo tanto a técnica que subscribe, o informa FAVORABLEMENTE e propón a súa aprobación'.

2º.- Vista a necesidade de aprobación do plan de seguridade e saúde para apertura do centro de traballo previo ao inicio das obras.

Polo exposto elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:

Primeiro.- Aprobado o plan de seguridade e saúde do proxecto de 'Abastecemento a Erbelo e conexión co depósito de Piñeiro'''.

B) ACTIVIDADE DE CONTROL

Non hai asuntos

C) ROLDA DE INTERVENCIÓNS LIBRES

Non hai asuntos

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Cangas

Avenida de Castelao, 2, Cangas. 36940 (Pontevedra). Tfno. 986300050. Fax: 986304850